
ICTS-CESGA: propostas de acceso para o segundo periodo de 2010

- Actualizado (07.07.2010)

O prazo de envío de solicitudes para o segundo periodo de 2010 remata o 19 de xullo. As propostas enviadas serán avaliadas polo Comité Externo de Evaluación e o resultado do proceso de selección comunicárase a principios de setembro. Os accesos correspondentes a este segundo periodo realizaranse entre os meses de setembro e decembro de 2010.

O CESGA, en calidade de Infraestrutura Científica e Tecnolóxica Singular (ICTS), dispón de axudas económicas, subvencionadas polo Ministerio de Ciencia e Innovación (referencia ICTS-2009-40), para facilitar o acceso gratuíto aos recursos a investigadores pertencentes a países da UE, do Espacio Económico Europeo e do programa CYTED.

O obxectivo das axudas é financiar o acceso o CESGA a grupos de investigación ou investigadores individuais para a realización de traballos de investigación, a adquisición de coñecementos, ou a formación nas tecnoloxías de uso na instalación. Os accesos correspondentes a este segundo periodo realizaranse entre os meses de setembro e decembro de 2010.

Os tipos de acceso posibles son:

- Acceso a horas de cálculo de forma non presencial (acceso telemático).
- Acceso presencial as instalacións do CESGA.

Poden solicitar o acceso: investigadores que estén realizado a tesis doutoral, doutores ou investigadores con un mínimo de 3 anos de experiencia.

Información detallada e solicitudes: <http://icts.cesga.es>